



CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES 2015

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfn: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



REGULAMENTO PARTICULAR



PROBA: 4º RALLYE OURENSE-RIBEIRA SACRA

PROVINCIA: OURENSE

DATA: 27 E 28 DE NOVEMBRO DO 2015



INDICE

TITULO I PROGRAMA HORARIO

Taboleiro oficial de avisos

TITULO II ...: ORGANIZACIÓN

Art. 1 Organización

TITULO III ...: MODALIDADES XERAIS

Art. 2 Puntuabilidade

Art. 3 Descrición

Art. 4 Vehículos admitidos

Art. 5 Concursantes admitidos

Art. 6 Solicitud de Inscripción - Inscripcións

Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

TITULO IV ...: OBRIGACIÓNS XERAIS

Art. 8 Publicidade

TITULO V DESENROLO DA PROBA

Art. 9 Recoñecementos

Art. 10 Hora Oficial do Rallye

Art. 10 Penalizacións

Art. 11 Premios

PROGRAMA DE REUNIÓNS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I LICENCIAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2015 (ANUARIO F.G.A.)

ANEXO II LIBRO DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD

ANEXO III ...: TERMINOLOXÍA

ANEXO IV ...: ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS CONCURSANTES

ANEXO V ...: ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE

ANEXO VI ...: ITINERARIO – HORARIO

ANEXO VII ...: PARQUES PECHADOS, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA

ANEXO VIII..: CARAVANA RALLYES

ANEXO IX.....: PROTOCOLO DE ACTUACION DOS EQUIPOS MEDICOS

ANEXO X.....: OUVREURS

ANEXO XI.....: SUPER ESPECIAL TC.A

ANEXO XII.....: BOLETIN DE INSCRIPCIÓN



1.- PROGRAMA.

Rallye nun día

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
22/10/2015	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	escuderialuintra@gmail.com fax: 988271461
18/11/2015	18:00	Peche de inscricións	
25/11/2015	19:00	Publicación lista de inscritos	Taboeiro Oficial da Proba www.fga.es
20/11/2015	09:00	Distribución do libro de ruta.	Restaurante Olegario Luintra
21/11/2015	12:00		
22/11/2015		Autorización para Recoñecementos	
27/11/2015	12:00 a 13:00	Verificacións Administrativas: Nº 01 A Nº 38 Nº 39 A Nº 76 Nº 77 A Nº 115 Nº 116 A Nº 150	Restaurante Olegario Luintra
	13:00 a 14:00		
	14:00 a 15:00		
	15:00 a 16:00		
	12:30 a 13:30	Verificacións Técnicas e Precintaxe de Turbos: Nº 01 A Nº 38 Nº 39 A Nº 76 Nº 77 A Nº 115 Nº 116 A Nº 150	Restaurante Olegario Luintra
	13:30 a 14:30		
	14:30 a 15:30		
	15:30 a 16:30		
	17:30	Hora límite presentación vehículos no parque pechado.	Parque Empresarial de Luintra
	18:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	Taboleiro de Anuncios Zona de piscinas Edif. Multiusos (Luintra)
ETAPA 1			
19:00	Saída 1º participante 1ª sección	P. Pechado	
21:00	Chegada 1º participante 1ª sección	P. Pechado	
	FIN DE ETAPA 1		
28/11/2015	ETAPA 2		
	08:00	Saída 1º participante 2ª sección	P. Pechado
	10:20	Chegada 1º participante 2ª sección	P. Pechado
	10:40	Saída 1º participante 3ª sección	P. Pechado
	13:10	Chegada 1º participante 3ª sección	P. Pechado
	15:10	Saída 1º participante 4ª sección	P. Pechado
	17:30	Chegada 1º participante 4ª sección	P. Pechado
	18:15	Saída 1º participante 5ª sección	P. Pechado
	21:05	Chegada 1º participante 5ª sección	P. Pechado
	21:30	Verificación final e de oficio	Talleres Leite
	22:00	Publicación de resultados	Taboleiro de Anuncios
	22:45	Rolda de prensa dos tres primeiros clasificados	Pabellón de Deportes de Luintra
	23:00	Reparto de premios e trofeos	Pabellón de Deportes de Luintra

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende o día 27 de novembro de 2015 ás 14:00 horas, ata o día 28 de Novembro de 2015 as 23:00 horas estará situado na Oficina Permanente do Rallye, emprazada en: Zona Piscinas Luintra, e no Parque Pechado sito en Luintra (Parque Empresarial).

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

Artigo 1.1.- Definición:

A Escudería Luintra organiza o 4º Rallye Ourense Ribeira Sacra que se desenrolará desde o día 27 de Novembro ó día 28 de Novembro do ano 2015.



Este Rallye disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2015, as prescricións comúns para rallyes, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 23/10/15. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-057-RA .

Artigo 1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. Roberto Soto Martinez

Vocais:

D. Roberto Pato Donis

D. Carlos Iglesias Seara

D. Manuel Fernandez Blanco

D. Cesareo Losada Lama

D. Miguel Rodríguez Rodríguez

D. Ismael Iglesias Seara

D. Pedro Fernandez Sanchez

D. Alberto Rodríguez Losada

D. Borja Rguez. Gomez

Secretario:

D. Carlos Rodríguez Rivas

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Rúa Luintra nº 12

C.P. 32160 Cidade Luintra - Nogueira de Ramuín Provincia Ourense

Teléfono: 679 157 475

Artigo 1.3. Oficiais:

Presidente Escudería:

D. Roberto Soto Martinez

GA-1938-OA

Director de Carreira:

D. Fernando Fernández Fernández

GA-1523-OA

Xefe Seguridade Vial:

D. Ismael Iglesias Seara

GA-1939-OA

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 1, antes da celebración do meeting.

Servicio Informático:

Federación Galega de Automobilismo

Servicio de ambulancias:

Ambugal

Centros Asistenciais:

Centro Médico el Carmen Cosaga CHOU

Servicio de Grúas:

J. Varela Cortegada

O Vehículo “0” pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo “00” pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser ocupados por Oficiais con licencia OA, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no seguro contratado polo Organizador para a cobertura da proba.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

O Rallye 4º Rallye Ourense Ribeira Sacra é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:



- CampionatodeGaliciadeRallyessobreasfalto(GruposN,A, X, H, G e T).
- CopadeGaliciadeRallyesparapilotos(GruposN,A,X, H, G e T).
- CopadeGaliciadeRallyesparanavegantes(GruposN,A,X, H, G e T).
- CopadeGaliciadeRallyesparaogrupaN.
- CopadeGaliciadeRallyesparaogrupoaA.
- CopadeGaliciadeRallyesparaogrupoxX.
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo H.
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo G.
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo T.
- CopadeGaliciadeRallyesparaEscuderías.(GruposN,A,X, H, G e T)
- CopadeGaliciadeRallyesparaMarcas de Pneumáticos.(GruposN,eA)
- 6ª Copa Top-Ten Pirelli
- 10º VolanteFGA-Galicia
- 6ª Copa Pirelli AMF Motosport
- 1ª Copa Iniciación Stark Box
- 4ª Copa Elf Galicia
- 2ª Copa DMack Tyres propulsión
- 1ª Copa Galfer de Rallyes
- 1ª Copa Seguro x días

E as que designe a F.G.A.

Artigo 3.- Descrición.

O Rallye 4º Rallye Ourense Ribeira Sacra consta dun percorrido de 432,91 Kms., dos cales 84,54Kms. corresponden a treitos cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico; está dividido en 2 Etapas e 5 seccións. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento.

No carné de Control, e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, etapas e seccións así como os controles horarios, controles de paso, neutralizacións e reagrupamentos.

O Rallye terá_5 parques de traballo, e un parque de asistencia final de 10 minutos.

Artigo 4.- Vehículos admitidos.

Nos Rallyes puntuables para o Campionato de Galicia serán admitidos os vehículos seguintes:

- Vehículos Grupo A dacordo ó artigo 255 e 255A do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo N dacordo ó artigo 254 do Anexo J da FIA.
- Vehículos S 2000 dacordo ó artigo 254A do Anexo J da FIA.
- Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4,R5 dacordo cos artigos 260 e 260D do anexo J da FIA
- Vehículos do Grupo "X", segundo normativa da F.G. de A.
- Vehículos do Grupo "G", provintes de circuitos (NGT, GT, RGT e os homologados pola FGA)
- Vehículos dos Grupos Histórico (H) e Tracción Traseira (T).

Os efectos de puntuación, os vehículos admitidos dividiránse nas seguintes clases de cilindrada:

GRUPO N		PROVINTES DE GRUPO "R"	
CLASE 2	Ata 1600 c.c.	R1A, R1B	De 1400 c.c. ata 1600 c.c.
CLASE 3	De mais de 1601 c.c. ata 2000 c.c.		
CLASE 4	De máis de 2001 c.c.		

GRUPO A e X		PROVINTES DE GRUPO "R"	
CLASE 9	Ata 1000 c.c.		
CLASE 10	De 1001 a 1600 c.c.	R2B	De 1400 c.c. ata 1600 c.c.
CLASE 11	De 1601 c.c. ata 2000 c.c.	R2C, R3C, R3D	De 1601 c.c. ata 2000 c.c.
CLASE 12	De máis de 2001 c.c.	R3T, R4, R5	



GRUPO G		PROVINTES DE CIRCUITOS	
CLASE 13	Ata 2500 c.c.		Homologados pola F.G. de A.
CLASE 14	De mais de 2501 c.c..	GT/NGT/RGT	
GRUPO "H"		PROVINTES DO ANEXO J 1981	
CLASE 15	Ata 1600 c.c.	Grupo 1,2,3 e 4	
CLASE 16	De mais de 1600 c.c.	Grupo 1,2,3 e 4	
GRUPO "TT"		PROVINTES DOS GRUPOS "N", "A" e "X"	
CLASE 17	Ata 2000 c.c.		
CLASE 18	De mais de 2000 c.c.		

A tódolos efectos, considérase constituída unha clase, coa saída dun so vehículo.

Artigo 5.- Concursantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I, do Anuario Deportivo 2015, publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 6.- Solicitud de inscrición-inscricións.

6.1.- Toda persoa que desexe participar no 4º Rallye Ourense Ribeira Sacra deberá remiti-la solicitud de inscrición, debidamente cumprimentada, á secretaría do Rallye, sita en:

e-Mail: escuderialuintra@gmail.com Fax: 988271461

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 18 de novembro de 2015

Os datos relativos ó copiloto poden ser completados ata o día 25 de novembro de 2015.

6.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

6.3.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos de calquera das formas seguintes:

.- Na secretaría da proba

.- Na conta corrente nº ES44 0049 6652 9429 9001 4367 de Banco Santander Sucursal de Luintra.

6.4.- Admitiránse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5.- A orden de recepción da solicitud de inscrición, así como dos Dereitos de Inscrición, será o determinante para a confección da Lista de Inscritos.

Artigo 7.- Dereitos de inscrición-Seguros.

7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **330,00 €** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2.- **660,00 €** Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 7.1.1.).

7.2.- A solicitud de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.

Artigo 8.- Publicidade.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Obrigatoria

A DESIGNAR

Facultativa

A DESIGNAR

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes:

ALETAS DIANTEIRAS E TRASEIRAS

5.- DESENROLO DA PROBA.



Artigo 9.- Recoñecementos

- 9.1.- Os recoñecementos Oficiais / libres efectuaranse os días 20 / 21 e 22 de Novembro de 2015, segundo o criterio que terá que establecer o Comité Organizador.
- 9.2.- Os recoñecementos quedan limitados a un máximo de TRES pasadas por treito cronometrado.
- 9.2.1.- A primeira infracción será penalizada con 5 minutos mais unha sanción económica de 300 €uros, o inicio da Proba, a criterio exclusivo do Colexio de Comisarios Deportivos.
- 9.2.2.- A segunda infracción se penalizará con “NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA”, ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.
- 9.2.3.- Por incorrer nunca infracción nos puntos 9.2.1 e 9.2.2 será obligatorio dar traslado ó Xuíz Único de Competición, para apertura e incoación de expediente disciplinario no seu caso.
- 9.3.- Si unha Escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utiliza-lo mesmo treito por outra entidade organizadora.
- 9.4.- Só se poderá efectuar os recoñecementos dos treitos cronometrados un día por cada equipo participante, a escoller dentre os tres días designados polo Comité Organizador, e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días. Asimesmo, cada equipo terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo, cor, e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.
- 9.5.- A velocidade máxima nos Treitos a recoñecer, será en función das limitacións / sinais que existan no mesmo.
- 9.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.
- 9.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba
- 9.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.
- 9.9.- Entregaranse unhas pegadizas transparentes e numeradas (de cor Branco) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo infractor.
- 9.10.- Nos treitos B1 e B2, terase que recoñecer 350 metros a pé na saída, xa que é dirección prohibida.**

Artigo 10.- Hora oficial do Rallye.

Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida por **CRONOMETROS DA F.G.A.**

Artigo 11.- Penalizacións.

As penalizacións son as previstas no regulamento-tipo xeral de rallyes da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2015.

Artigo 12.- Premios.

Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes:

Premios clasificación Xeral Scratch (Grupos N, A, X, e Tracción Traseira):

	Coeficiente7
1º	1.400,00€ e Trofeo
2º	1.000,00€ e Trofeo
3º	800,00€ e Trofeo
4º	600,00€ e Trofeo
5	425,00€ e Trofeo
6	375,00€ e Trofeo
Total	4.600,00€



Premios clasificación por Clases (de 2a a 18):

	Coeficiente 7
1º	200,00€ e Trofeo
2º	Trofeo
Total	2.600,00€

Total Premios Coeficiente 7	7.200 €
------------------------------------	----------------

Premios clasificación 2ª DRIVE DMACK TYRES CUP PROPULSIÓN:

Premios por Proba Organizador de Ralis:

1º	200,00 € e Trofeo
2º	Trofeo

NOTA: Entregaranse dous trofeos ós 6 primeiros clasificados da Xeral Scratch, un ó 1º e 2º de cada clase e un á primeira Escudería.

Don Roberto Soto Martínez, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número GA-1938-OA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba D. Fernando Fdez. Fdez.
N.I.F.: 36027825G
Licencia GA-1523-OA

Entidade: Escudería Luintra
C.I.F.: G32414146
Fdo: Presidente D. Roberto Soto Martinez
Licencia GA-1938-OA



Fdo: Xefe de Seguridade Vial D. Ismael Iglesias Seara
N.I.F.: 44465759C
Licencia GA-1939-OA

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	27 de novembro de 2015	11:00	SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : ZONAS PISCINAS-LUINTRA
2ª		18:00	
3ª	28 de Novembro de 2015	07:30	
4ª		22:00	



ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTO-CROSS, KARTING, SLALOM E TRIAL 4x4 -CONCENTRACIÓNS:

1.- Por acordo assembleario, votado por unanimidade, e normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada 2015 e seguintes : **Unicamente se poderá participar coa licenza autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.**

2.- Para puntuar nos Campionatos e Copas, que se organicen na Comunidade Autónoma de Galicia, será obrigatorio para os Concursantes e Participantes (Pilotos, Navegantes e Asistencias) estar en posesión das licenzas autonómicas expedidas pola Federación Galega de Automobilismo.

3.- Toda proba que se celebre no ámbito de competencia da Federación Galega de Automobilismo, para ser puntuable nos Campionatos, Copas, Fórmulas de Promoción e Monomarcas, en Galicia, deberán admitir obrigatoriamente a participación con licenzas autonómicas expedidas pola Federación Galega de Automobilismo; no caso contrario a proba non se admitirá en ditos Campionatos, e o seu incumprimento implicará a perda de subvencións oficiais pactadas pola Federación Galega de Automobilismo.

4.- Para a tempada 2015, e vindeiras, admítense a participar, sen puntuar para os Campionatos, pero sí para as Fórmulas de Promoción os licenciados da Federación Portuguesa de Automobilismo e Karting, e tódalas licencias autonómicas conveniadas coa Federación Galega de Automobilismo (Cantabria, Euskadi, Navarra, Rioja, Extremadura, Murcia, Valencia, Baleares, Castilla-La Mancha), e as que asinen a través da tempada 2015.

5.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais da Federación Galega de Automobilismo a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á Federación Galega de Automobilismo para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo Galego.

6.- Por acordo Asembleario de data 23 de Novembro de 2013, transcríbese literalmente a adopción do acordo vinculante para as escuderías afiliadas a F.G. de A., para a tempada 2014 e sucesivas: En tódalas actividades relacionadas co automobilismo que se desenrolen na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan de tipo deportivo, competitivo, lúdicas, de exhibición, paseos de elegancia, de regularidade, puntuables para os Campionatos Galegos, ou non, ou de calquera outro tipo, organizadas por entidades deportivas, escuderías ou persoas físicas, afiliadas á Federación Galega de Automobilismo, non estará permitida a exclusión ou restricción da participación nas mesmas de persoas ou entidades que contén con licenza en vigor expedida pola Federación Galega de Automobilismo. O incumprimento do presente acordo poderá dar lugar a responsabilidades disciplinarias, das entidades escuderías, ou persoas responsables de conformidade co art. 87.ñ) dos vixentes estatutos, e terá a consideración de "especial gravidade", con imposición das sancións que procedan polos órganos disciplinarios da Federación Galega de Automobilismo.



ANEXO II

LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD

CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba hacia abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ó principio do libro de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta-kilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior de cada páxina deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións muy próximas, e decir, con distancia inferior a 200 m, non serán separadas entre sí.
- 9.- Toda información que non poida ser fácilmente identificable dende a carretera deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre la ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encadradas, e si ai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controles deberá ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comenzará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
- 16.- En cada dibuxo, o punto de orixe situarse na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser fácilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- No Road-Book, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída, e a meta deberá estar sinalizada con latitude e lonxitude.

SUXERENCIAS:

- 1.- Indica-la velocidade media dos Treitos de Enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do Rallye.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbano).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.

Todo-los puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.



MODELO DE FOLLA DE LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK)

XXIV RALLYE CIDADE DE NARÓN					Distancia	Tempo Ideal	Media
					52,800 Kms.	64 Minutos	49,50 Kms./h.
Pág.	SECCIÓN	1	De C.H.S.	TC-2			
38	SECTOR	5	A C.H.	3A	Récord Tramo Cronometrado	<i>Este Tramo disputase por primeira vez</i>	
Distancia		DIRECCIÓN			INFORMACIÓNS		Distancia Próximo C. H.
TOTAL	PARCIAL						
10,800 Kms.	0,200 Kms.	26		 			42,000 Kms.
12,200 Kms.	1,400 Kms.	27					40,600 Kms.
12,650 Kms.	0,450 Kms.	28					40,150 Kms.
13,000 Kms.	0,350 Kms.	29		 			39,800 Kms.
13,400 Kms.	0,400 Kms.	30		 	08° 03' 59" O"/> META TRAMO "B-1"		39,400 Kms.



**ANEXO III
TERMINOLOXIA**

Sector de enlace	Itinerario comprendido entre dous controles horarios sucesivos.
Sección	<p>Conxunto de sectores de enlace comprendidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - entre a saída dunha Etapa e o primeiro reagrupamento. - entre dous reagrupamentos sucesivos. - entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do Rallye.
Etapa	Cada unha das partes do Rallye separadas por unha parada de alo menos oito horas, ou por unha parada alo menos igual á duración do recorrido efectuado, si este e inferior a sete horas.
Neutralización	Tempo durante o cual os equipos son parados pola organización, por calquera razón.
Reagrupamento	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
Parque Pechado	Zona na que ningunha reparación nin intervención e posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos Internacionais e polo Regulamento particular da prueba.
Complemento	<p>Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último.</p> <p>Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario.</p> <p>Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou Membros dos equipos deben acusar recibo mediante firma.</p>
Carné de Control	<p>Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controles establecidos no itinerario.</p> <p>Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un carné de control distinto para cada unha das seccións.</p>
Treito cronometrado	Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.



ANEXO IV ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS CONCURSANTES

MISIÓNS PRINCIPAIS. Informar ós concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licencia expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de todas as decisións tomadas. A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por eso é convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESEÑO DA PROBA. O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As verificacións administrativas
- As verificacións técnicas
- A secretaría do meeting
- A saída da proba
- Os parques de reagrupamento
- Os parques de fin de etapa
- A proximidade do parque pechado cando a chegada do Rallye (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario do Rallye).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar todas as informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenvolvemento da proba.

Finalidade. Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores). O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.



ANEXO V

1) ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade: Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade de todos os treitos cronometrados.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular do Rallye nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o Rallye estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída dos treitos cronometrados (por teléfono ou por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade co Plan de Seguridade.

c) Control. O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2) SEGURIDADE NOS TREITOS CRONOMETRADOS

a) Servizos de asistencia. Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 médico (preferentemente reanimador).
- 2 ambulancias equipada.
- 1 equipo de socorristas.
- 2 grúas.
- 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 12 km.:

- 1 médico.
- 1 ambulancia equipada.
- 1 equipo de socorristas.

Dacordo coa perigosidade, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord del treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Asimesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

b) Medidas preventivas

Sinalización: As estradas e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

Intervención: Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respetar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteles, cintas, pitos e altavoces.
- Sempre que sexa posible, advertir ós equipos por medio de bandeiras amarelas.

Información: Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.

- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altavoces que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

c) Vixilancia: Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm x 50 cm sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE cun número 0 (peche dos treitos) ou 00 (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar una bandeira a cadros.



Estes dous vehículos terán que ser ocupados por Oficiais con licencia OA, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da proba, os que, darán toda a información que sexa precisa, e si é necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación alomenos cada 3 kms), específica para cada treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do Rallye.

d) Evacuación: Debe preverse un itinerario de evacuación para cada treito cronometrado. Os servizos de urxencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE: O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades. O conductor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en todos os treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinturón de seguridade en todo o percorrido da proba.

ANEXO VI

PROBA: 4º Rallye Ourense Ribeira Sacra

ITINERARIO HORARIO

NON SERÁ APROBADO NINGÚN REGULAMENTO PARTICULAR, QUE NON VEÑA ACOMPAÑADO DO LIBRO DE RUTA, MANUAL DE SEGURIDADE, E DA FOLLA DE SOLICITUDE DE TREITOS E HORARIOS DE PECHE PARA A CELEBRACIÓN DO RALLYE, ASINADOS POLO XEFE DE SEGURIDADE VIAL, DO DIRECTOR DA PROBA, E DO PRESIDENTE DA ESCUDERIA.

ANEXO VII

Artigo 12.- PARQUE PECHADO E PARQUES DE TRABALLO.

- 12.1.- Será o lugar previsto no Regulamento Particular, ó que o Concurante estará obrigado a conducir o seu/s vehículo/s
- 12.2.- No interior do Parque Pechado, onde non poderán entrar máis que ós Oficiais da proba e os destinados á vixilancia, quedará prohibida calquera comprobación ou reparación, salvo se o autorizaran os Comisarios Deportivos o Técnicos.
- 12.3.- O Regulamento Particular da proba precisará o lugar no que se instalará o Parque Pechado e os lugares dos Parques de Traballo, (con marcaxe obrigatorio das rodas) así como a hora límite de entrada.
- 12.4.- O Parque Pechado, e os Parques de Traballo contarán cas dimensións adecuadas e estarán correctamente valados para que nel non poidan acceder persoas non autorizadas.
- 12.5.- Os Parques Pechados e os de Traballo serán controlados por oficiais colexiados designados polo Organizador, que serán os responsables do seu bo funcionamento.
- 12.6. Parques de Traballo
- 12.6.1 Os organizadores terán que designar obrigatoriamente parques de traballo, nos seus regulamentos particulares, e terán que prohibir tódalas asistencias nos inter treitos. Os organizadores tomarán as medidas necesarias que controlen especialmente este punto.
- 12.6.2. La hora límite de entrada al P.T. de los vehículos autorizados será al menos desde las 20:00 horas de viernes do comezo do rallye hasta unha hora antes da hora teórica de entrada do primeiro participante o P.T.; quedando ó criterio dos organizadores o poder modificar dita hora límite.
- 12.6.3. Os P.T. deben estar emprazados en espazos asfaltados, e suficientemente amplos para garantir a seguridade dos equipos e do público, debendo dispor dun espazo adecuado para cada vehículo. Recoméndase prever a circulación en carrís dun só sentido, nos que recoméndase que esté limitado ou controlado o paso do público, tamén o tránsito do público non poderá interferir na cronometraxe nos controles de entrada e saída do parque.
- 12.6.4. Os P.T. deberán estar indicados no itinerario-horario do rallye cun C.H. de entrada e outro C.H. de saída (as distancia de 25 m na sinalización de controis, quedan reducidas a 5 m como mínimo).
- 12.6.5. Se o Organizador prevé un Reagrupamento e un P.T. seguidos, o orde deberá ser: 1º o Reagrupamento e 2º o P.T.
- 12.6.6. Os P.T. deberán dispor dos sistemas de extinción adecuados. Debendo ter un mínimo de 3 extintores no parque e un vehículo contra incendios, si se realizase nun recinto feiral, servirá co sistema contra incendios instalado no recinto e a organización debe dispor dunha copia do plan de actuación de dito recinto feiral.
- 12.6.7. Nos P.T. deberán prever obrigatoriamente servizos de WC. e contedores suficientes para o lixo que xeneren os equipos. Así mesmo serán válidos los servizos dun Centro Comercial ou cafetería próximos o P.T., non estando este excesivamente lonxe do parque.
- 12.6.8. Os P.T. deberán establecerse de acordo cos seguintes criterios:
- a) Nº de Treitos Cronometrados entre P.T. serán como mínimo 2 e un máximo 3
 - b) Serán un número máximo de 6, o 1º terá unha duración de 10 minutos antes do 1º treito cronometrado, e o resto terán unha duración de 20 minutos, agás o programado inmediatamente despois do reagrupamento largo do mediodía que terá unha duración de 40 minutos. Despois do último treito cronometrado terá unha duración de 10 minutos antes do control horario de fin da proba. Os pneumáticos só se poderán cambiar nos parques de traballo exclusivamente, agás do parque de asistencia de chegada do rallye.
 - c) O emprazamento dos P.T. debe ser único, salvo autorización expresa da F.G.A.
 - d) Entre os parques de asistencia onde existan treitos cronometrados non se poderán superalos 150 km. de percorrido total.



12.6.9.

A velocidade máxima dos vehículos que circulen polo P.T. nunca será superior a 30km/h podendo ser controlada e sancionada. quedando tamén prohibido calquera tipo de manobra que non sexa a propia da circulación normal. O incumprimento deste apartado poderá ser motivo de exclusión da proba a criterio dos Comisarios Deportivos.

12.6.10. O espazo para asistencia por participante deixase a criterio do Organizador en función do tamaño do P.T.

12.6.11. O Organizador deberá coordinar cos responsables dunha Copa de promoción. a ubicación no P.T. dos vehículos participantes nas mesmas.

12.6.12. Recomendase o Organizador elaborar un plano de ubicación do P.T., así como o lugar asignado a cada vehículo. Para ilo os equipos deberán indicar se comparten asistencia e deberán ser comprobado este dato durante as verificacións administrativas.

12.6.13. Os equipos deberán deixar o lugar onde realizaran a asistencia nas mesmas condicións encontradas súa chegada, depositando o lixo e os materiais inservibles nos contedores ubicados no propio P.T.

12.6.14. Vehículos admitidos nun Parque de Trabajo

a) Soamente un ou dous vehículos de Asistencia, como máximo e a criterio da organización, por vehículo inscrito poden actuar en cada P.T. Estes vehículos deben estar claramente identificados por placas de "Asistencia" entregadas polo Organizador e colocadas nun lugar visible indo obrigatoriamente pegadas para poder acceder o P.T. Recomendase que as placas teñan os dorsais dos equipos participantes.

Se varios equipos comparten asistencia entregarase como máximo dúas placas a ese grupo de equipos.

b) Será de obrigatorio cumprimento , a identificación en todo momento do/s vehículo/s de asistencia, matrícula, responsable, etc. A notificación á organización será prevista na folla de inscrición, tendo como prazo límite o venres nas verificacións administrativas. No caso de non confirmar da totalidade do espazo necesario a organización exímese de responsabilidade, contando só co espazo necesario para un vehículo de asistencia por participante poderase negar a entrada a calquera coche que non este completamente identificado.

c) Durante o desenvolto da proba, non poderán entrar nin saír do P.T. estes vehículos, soamente poderán entrar e saír se o organizador preveu un acceso independente para as asistencias, ou no paro do mediodía. A entrada dun vehículo e asistencia no PT habendo saído con anterioridade, no transcurso da proba (agás no parón do mediodía), poderá levar consigo a non autorización da entrada de novo PT.da mesma maneira, tomarse nota de cada vehículo non inscrito que permaneza no PT

- Quedará completamente prohibida a entrada de calquera vehículo que non sexan os participantes dentro do tempo de parque de asistencia.

d) A F.G.A. terá dereito a un máximo de DOUS vehículos para actuar no P.T. sempre que este convocada alomenos unha Copa de promoción para dar servizo os equipos inscritos nestas copas.

Deberase prever un espazo de 10 x 10 metros para montar unha oficina de atención os equipos inscritos nas citadas Copas de promoción.

e) As dúas placas de Asistencia autorizadas serán gratuítas. As demais placas que solicite un Concursante, de acordo ca regulamentación antes citada, o Organizador poderá establecer un prezo máximo de 150 €uros por placa.

12.7.- Repostaxes (Refuelling)

As repostaxes teranse que facer nos parques de traballo, e nas estacións de servizo, ubicadas no percorrido do rallye, e terán que estar indicadas no libro de ruta (Road Book).

12.7.1.No parque de traballo no momento do repostaxe deberase cumprir as seguintes condicións:

- Afastar os fumadores.
- Repostar o vehículo co motor parado.
- Se os membros do equipo están no interior do vehículo, deberán ter os cinturóns de seguridade desabrochados.
- Excepto nos vehículos que teñen prevista unha toma de presión para a repostaxe, este

deberá levarse a cabo por gravidade o bombas manuais, para o que recomendase a utilización de bidóns de repostaxe según normas FIA provistos de acoplamentos estancos y respiradéros. En calquera caso, a capacidade dos bidóns de repostaxe queda limitada a 25 litros.

Se o bidón está elevado por encima do chan, en ningún caso o nivel de reserva de carburante

No bidón poderá estar a unha altura superior a 3 metros durante tódala operación.

12.7.2.Nas estacións de servizo, so está autorizado repostar directamente dos surtidores comerciais nas seguintes condicións:

.- A única operación autorizada é o repostaxe de combustible.

.- A repostaxe terase que realizar sen ningunha axuda exterior, agás dos empregados da propia estación de servizo.

12.8 Pneumáticos.

18.8.1. Os pneumáticos a empregar deben estar de acordo ca regulamentación F.G.A. para rallyes, estando autorizados os pneumáticos "slicks raiaídos" e os pneumáticos con "NO + PINCHAZOS". Os vehículos de categoría GT autorízaselles a montaxe de pneumáticos raiaídos polo fabricante, ou polo distribuidor autorizado.

12.8.2. Están autorizados un máximo de 5 pneumáticos por vehículo entre Parques de Trabajo.

12.8.3. A saída dun P.T. marcaranse tódolos pneumáticos colocados no vehículo (incluso o de repostaxe). A chegada do próximo P.T., o vehículo deberá levar unicamente os pneumáticos marcados no P.T. anterior.

12.8.4. Para facilitar a marcaxe dos pneumáticos, deberase dispor un espazo acotado inmediatamente despois do C.H. de saída do parque de Trabajo, ver croques explicativo de montaxe Nº1. Ca única finalidade de axudar o procedemento de marcaxe, un membro do equipo poderá ter acceso a este espazo. Para esta operación a Organización está obrigada a dar un suplemento de 5 minutos extra no sector de que se trate, e así mesmo indicalo no Itinerario Horario da proba.

12.8.5. O tallado dos pneumáticos esta autorizado exclusivamente nos P.T.

12.8.6. Os cambios de pneumáticos realizaranse unicamente nos P.T. fora dos mesmos, soamente os membros do equipo poderán realízalos cos medios de a bordo pero respectando sempre o disposto no apartado 12.8.2.

12.8.7. Entre o último parque de traballo e a chegada do rallye, os pneumáticos a utilizar son libres (respectando o resto de normativa do presente artigo).

12.8.8. Está autorizado o uso de quentadores de pneumáticos, soamente dentro dos P.T.

12.8.9. Nas copas de promoción, o modelo e número total de pneumáticos a empregar será o que estipulen nos regulamentos particulares das mesmas, non podendo superar o número máximo establecido no presente artigo.

12.8.10. O procedemento da marcaxe das rodas:

- a) Marcaranse a lantanas cas pegatinas en PVC troqueladas segundo normativa FIA
- b) Poderase marcar os pneumáticos con rotuladores de diferentes cores.
- c) Recomendase un mínimo de tres comisarios para realizar a marcaxe.

12.8.11. Se na saída dun P.T. se atopase un pneumático non conforme, este deberase substituír por outro. O pneumático non conforme considerárase nulo e quedara en poder dos Comisarios Técnicos. O tempo concedido para o Sector do que se trate, non poderá ser ampliado.

12.8.12. O control da marcaxe dos pneumáticos realizarase entre o Control Horario precedente o treito Cronometrado e a saída de dito Treito, ver croques explicativo de montaxe Nº2, tamén nos C.H. de entrada os P.T. poderase realizar unha comprobación da marcaxe.

12.8.13. Toda infracción concerner a normativa dos pneumáticos, comprobada polos Oficiais da proba, entrañará unha penalización, podendo chegar a exclusión da proba.



ZONA DE MARCAXE



CONTROL DE MARCAXE





ANEXO VIII

CARAVANA RALLYES:

En tódolos rallyes a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo cierre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orde para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do rallye dará a orde oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Afeccionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Vermello). Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercelas funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilízalos, a partir da tempada 2015 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licencia de oficial OA para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-OA1ª ou GA-OC1ª, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirse unha acta-informe que grapada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega da copia.

ANEXO IX

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DOS EQUIPOS MÉDICOS DURANTE AS PROBAS DEPORTIVAS AUTOMOBILÍSTICAS NA MODALIDADE DE RALLYE, AUTORIZADAS POLA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO.

Co fin de mellorar a resposta no suposto de intervención dos equipos médicos durante a proba deportiva, determinouse o seguinte protocolo de actuación que será de obrigado cumprimento. O incumprimento do citado protocolo dará lugar á sanción que a Federación Galega de Automobilismo considere oportuna.

1. No suposto de producirse un accidente:

- 1.1. Sendo coñecedor o director da proba que existen lesionados, dará orde de saída ao coche R, que será acompañado polo xefe de seguridade de treito. Unha vez os lesionados sexan valorados polo MÉDICO, este comunicará ao director da proba a necesidade ou non de evacuación dos feridos, solicitando a saída da UVI Móbil ou da Ambulancia de SVB en función da patoloxía que presente o lesionado. (O coche R, está equipado de materiais necesarios para realizar a asistencia médica in situ ata a chegada da ambulancia para proceder á evacuación do ferido se fose necesario).
- 1.2. Se se descoñece a existencia de lesionados, o director de carreira procederá da mesma forma que no punto anterior.
- 1.3. Sendo o director de carreira coñecedor de non existir lesionados, actuará como estime oportuno.

2. A finalización do treito cronometrado actuarase da seguinte forma: Tras un minuto da saída do último participante, darase orde de saída (Dirección de Carreira (0) ou XEFE de Treito) ao coche R, que realizará a pasada ao treito, se este se encontra con algún participante que ten detido o seu vehículo no treito e Dirección de Carreira (0) non ten constancia deste, o coche R preguntará se vai continuar ou pola contra abandona, a información dada polo deportista será comunicada de forma inmediata a DIRECCIÓN de CARREIRA.



3.

- a) O deportista manifesta que abandona: O Coche R continuará ata meta.
- b) O Deportista manifesta que continúa: Se é capaz de continuar en carreira segundo tempos establecidos no regulamento, o coche R esperará o tempo que estime Dirección de Carreira (0) para seguir a META.

Unha vez o coche R comunique a chegada a META, poderá dar Dirección de Carreira (0) saída ao coche vasoira (00).

Queda totalmente prohibido a saída do coche vasoira (00) ao treito antes da chegada do coche R a META. Detectouse en varias ocasións que o coche vasoira (00) saíu ao treito minutos despois da saída do último participante. Nestas circunstancias pode darse o caso de que, algún dos vehículos que tomou a saída previamente e que se tivese visto a deterse no treito, decídese continuar a competición nas condicións que o regulamento da Federación Galega de Automobilismo observa, orixinando un grave perigo de seguridade xa que no suposto de accidente de calquera participante no treito, o vehículo R se encontraría con que, no traxecto xa percorrido polo coche vasoira (00), queda aberta a circulación ao tráfico, podendo encontrarse a contratrito vehículos particulares do público da proba ou residentes, no momento en que circula a velocidade polo treito en dirección á asistencia, circunstancia que, a data de hoxe xa aconteceu en máis dunha ocasión, xerando risco innecesario para os tripulantes do vehículo R e os vehículos que circulan en sentido contrario, confiados en que a vía xa é segura. Esta circunstancia vai totalmente en contra da filosofía de Team Medical Sport e da Federación Galega de Automobilismo. O sentido de prolongar a saída do coche vasoira (00) ata a chegada do coche R a meta é, no contexto anteriormente exposto, inexcusable por todas as razóns expostas. No caso de que o coche R se encontrase ao longo do treito cronometrado cun accidente, podería requirir o Xefe de Treito, Director da Proba e Xefe de Seguridade o envío dunha ambulancia para completar a asistencia aos feridos, circunstancia na que o vehículo sanitario debería de chegar o máis rapidamente posible sen poñer en risco a terceiros. O coche vasoira (00) pode percorrer o treito perfectamente tras a chegada dos vehículos de asistencia, xa que non se trata dun vehículo de emerxencia, aínda que forme parte da caravana de seguridade.

ANEXO X OUVREURS

1.- Tódolos equipos que estean interesados en adquirir este privilexio terán que solicitalo por escrito á Comisión Galega de Rallyes, da Federación Galega de Automobilismo, incluíndo:

- A.- Escrito, solicitude.
- B.- Vehículo de serie a utilizar, matrícula, modelo, seguro, etc.
- C.- Licenza de piloto, do conductor, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.
- D.- Licenza de copiloto, do acompañante, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

2.- Os vehículos dos "ouvreurs" teranse que inscribir en cada proba, cumprimentando o boletín que lles facilite a organización, no que deberán de figurar obrigatoriamente os datos do conductor e do seu acompañante, os cales deberán estar en posesión da licenza en vigor de piloto e copiloto, ademais dos datos completos do vehículo a empregar nesta tarefa. Estes vehículos débense asegurar ó igual que os vehículos participantes de rallye.

3.- A inscrición por vehículo "ouvreur" ascende a 300 €.

4.- A inscrición terase que ingresar conxuntamente, coa do participante, ó organizador do rallye.

5.- Ningunha inscrición, de vehículo "ouvreur" será aceptada polo organizador sen incluíla fotocopia - certificado de autorización da Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.

6.- Cada "ouvreur" deberá pasar verificacións administrativas, o mesmo tempo que o seu vehículo participante.

7.- Os vehículos "ouvreur" portarán números iguais ós dos participantes, coa salvedade que en vez de números reflectantes serán letras do alfabeto correlativo, exemplo: A, B, C, D, E, F, G, H, etc. Que irán colocados nas portas dianteiras do vehículo, a maiores poderase entregar unha identificación para Colocar na marxe superior esquerdo do parabrisas co texto "OUVREUR ANº"...

8.- As identificacións serán nominativas para cada concursante e intransferibles.

9.- A entrada dos vehículos "ouvreurs" nos treitos cronometrados efectuarase, despois do paso do vehículo de megafonía e saíndo o 1º "ouvreur" 55 minutos antes da hora de saída teórica do primeiro participante .

10.- Os vehículos "ouvreurs" circularán polo treito cronometrado ca debida precaución, tendo en conta que existe tráfico de outros vehículos da organización e espectadores que se despracen a pe.

11.- A súa velocidade, en consecuencia do anterior, será reducida e deberán circular en todo momento no sentido da marcha do Rallye e sen abandonar por ningún motivo o itinerario do mesmo.

12.- Se dentro do treito cronometrado son alcanzados por algún dos vehículos "0" da organización e si así se lles indica, deberán deterse inmediatamente, aparcarse nun sitio seguro e non reanudar a súa marcha ata despois do paso do vehículo "00 - escoba" que abra de novo a circulación.

13.- No momento da retirada do equipo o que pertenza o "ouvreur", a súa placa de "ouvreur" queda automaticamente anulada e por tanto non está autorizado a seguir circulando polos treitos cronometrados despois do peche dos mesmos.

14.- Calquera incumprimento esta normativa por parte dos conductores dos vehículos "ouvreurs", entrañará a retirada inmediata da súa identificación, ocasionando a exclusión na proba, do equipo correspondente.



ANEXO XI SUPER ESPECIAL TC A

Regulamento Particular deste treito.

A saída darase de minuto en minuto, en orde decrecente aos números de compección (o número 1 será o primeiro en tomar a saída neste treito). A hora de saída de cada participante figurará na LISTA DE AUTORIZADOS A TOMAR A SAÍDA, que se colgará o venres 27 de novembro, ás 18:00 horas, no taboleiro de anuncios do parque pechado.

Se algún vehículo participante non consegue rematar o treito (ou non consegue facer o recorrido que vai dende o control de saída de parque pechado ata a saída do treito "Super Especial". Ditos vehículos serán conducidos o parque de traballo para reparar a avaría. Hai que ter en conta que na primeira etapa non hay ningún parque de traballo previsto; pero en caso de ser precisa unha reparación os participantes deben dirixirse a él.

En ambos os casos o tempo atribuído ao equipo será o dobre do tempo máis rápido aumentado en 30 segundos. A hora límite de presentación no parque pechado será as 23:00 horas, onde serán verificados de novo polos Comisarios Técnicos.

En caso de ver que a reparación non é posible antes das 23:00 horas do día 27 de novembro, o participante deberá facer unha solicitude por escrito ante os Comisarios Deportivos, para que estes lle concedan unha nova hora límite de entrada no parque pechado. A esta hora tamén estarán citados os Comisarios Técnicos que verificarán de novo o coche.

Se un vehículo participante comete un erro no recorrido, seralle atribuído ao equipo o dobre do tempo máis rápido incrementando en 30 segundos. Son considerados erros de recorrido, non completar o recorrido íntegro e sentido do mesmo.

Esta totalmente prohibido a realización de calquera tipo de asistencia ou cambio de xogo de neumáticos entre o CH-1 (Saída Parque Pechado) e CH-2 (Treito Espectáculo) da etapa 1. Os vehículos participantes deben entrar no Parque Pechado cosas especificación cosas que se desexe afrontar o TC- A.



CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

PROBA: 4º Rallye Ourense Ribeira Sacra



	CONCURSANTE		CONDUCTOR		NAVEGANTE		ASISTENCIAS	
NOME								
APELIDO 1º								
APELIDO 2º								
D.N.I. - N.I.F.:								
TELEFONO								
LICENCIA	GA-	-EC	GA-	-E	GA-	-NV	GA-	-AS

VEHÍCULO

MARCA E MODELO	MARCA DE PNEUMÁTICOS	MATRÍCULA	C.C.	GRUPO	CLASE

TROFEO OU COPA DE PROMOCIÓN

O Concurstante, declara baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o vehículo debe quedar clasificado no grupo e na clase sinalados anteriormente.

RECOÑECEMENTOS

Solicito efectúa-los recoñecementos o día:	20/11/2015 Venres <input type="checkbox"/>	21/11/2015 Sábado <input type="checkbox"/>	22/11/2015 Domingo <input type="checkbox"/>
Co seguinte vehículo:	Marca	Modelo	Matrícula
			Cor

PAGO DE INSCRICIÓN

Ingreso na conta:	ES44 0049 6652 9429 9001 4367		
Importe da inscrición:	330,00 €uros	660,00 €uros	Acepta a publicidade facultativa: SI <input type="checkbox"/> Acepta a publicidade facultativa: NON <input type="checkbox"/>

COBRO DE PREMIOS - OPCIÓN DE ABONO QUE SE SOLICITA

A	Conta bancaria para transferencia de premios <input type="checkbox"/>	INDICAR IBAN BANCARIO E O 20 DIXITOS
----------	---	---

O Concurstante suscrito solicita a súa inscrición para participar no 4º Rallye Ourense Ribeira Sacra, declarando coñece-lo regulamento da proba, ó cal se somete aceptando sen ningunha reserva, tanto por si mesmo como polos seus conductores.

Asdo: O Concurstante

No _____, a _____ de _____ de 2015